

XIX
Concurso Fotográfico
Rosa Pons Fabregas
2026

ORGANIZAN



Asociación Cultural
OURO DO SİL

PATROCINA



Mellor fotografía Visións de Parada de Sil 2025
Título: " VIXIANDO AS LAVANDEIRAS " - Autor: Manuel Ignacio García Roldán

Portada | Mellor fotografía Tema Libre 2025
Título: " INSEPARABLES " Autor: Francisco Javier Domínguez García

XIX Concurso Fotográfico Rosa Pons Fabregas

"Visións de Parada de Sil" e Tema "Libre"

2026



Asociación Cultural
OURO DO SİL

O concello de Parada de Sil convoca a XIX edición do Concurso Fotográfico "Visións de Parada de Sil", co fin de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello de Parada de Sil. E tamén co tema "libre" espallar a arte da fotografía.

BASES

1. Participantes e número de fotografías

A participación no certame é libre.

As fotografías haberán de ser obrigatoriamente presentadas polos autores. Cada participante poderá presentar ata un máximo de **4 fotografías de cada modalidade**. Deberán ser obtidas mediante calquera técnica, en branco e negro ou cor, con cámaras dixitais, autorizándose o retoque manual ou de programas informáticos. No poderán conter marcas de auga nin ningún tipo de firma.

As obras non poderán ter sido premiadas en ningún outro concurso.

A organización resérvase o dereito a revocar a concesión de algún premio e reclamar o importe do mesmo se nalgún momento posterior á concesión detéctase un incumprimento das bases, así como a rexeitar previamente a concurso as fotos que incumpran o estipulado nas bases.

Os participantes responsabilizaranse, así mesmo, de que non existan dereitos de terceiras persoas sobre as imaxes, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre elas no que se refire a dereitos de imaxe.

2. Temática

A. Modalidade "Visións de Parada de Sil": abarca todos os bens artísticos, culturais, etnográficos, naturais, personaxes, etc., que conforman todo o Concello de Parada de Sil, quedando só limitado ao territorio deste municipio.

B. Modalidade "Libre": acolle calquera tipo de imaxe sen limitación temática ou xeográfica.

3. Presentación de fotografías

Presentaranse en formato JPG/JPEG cunha resolución de 300 ppp e sen compresión (calidade máxima de jpg).

O tamaño mínimo da imaxe será de 30 x 20 cm (en horizontal ou vertical), equivalentes a 3.543 x 2.362 píxeles. O tamaño máximo será de 40 x 30 cm (en horizontal ou vertical), equivalentes a 4.724 x 3.543 píxeles.

Nas fotografías panorámicas respetarase a medida mínima na parte máis estreita.

As fotografías que non cumplan estes requisitos ou que teñan baixa calidade (que teñan ben o tamaño pero sexa ficticio, que se tivese ampliado o tamaño forzando o orixinal) e non se podan imprimir serán descartadas.

A presentación dos traballos realizarase por correo electrónico ao enderezo electrónico:

concursofotografia@paradadesil.es

No "Asunto" indicarse o título da obra e a temática correspondente. Exemplo: "título" - libre ou "título" - Parada de Sil.

No correo axuntaranse 2 arquivos:

- O primeiro conterá a fotografía co nome correspondente.
- O segundo titularase PLICA (nome da fotografía). Conterá os datos do participante: nome e apelidos, número de DNI ou pasaporte, enderezo e teléfono, e enderezo de correo electrónico. Na categoría "Visións de Parada de Sil" aportará a zona onde foron tomadas as fotos ou datos que identifiquen a imaxe.

4. Data límite de presentación:

A data límite de presentación será o **22 de xuño de 2026**.

5. Xurado, decisión e entrega de premios

A participación neste concurso supón a total aceptación das presentes bases.

O xurado elixido polo Concello e a Asociación Cultural Ouro do Sil fará pública a súa

decisión en Parada de Sil o día **4 de xullo de 2026**. Comunicaráselles individualmente aos premiados así como a data de entrega do premio.

6. PREMIOS

Outorgáranse os seguintes premios:

A. Modalidade "Visións de Parada de Sil":

- **Primeiro premio: 800 €.**
- **Segundo premio: 300 €.**

B. Modalidade "Libre":

- **Primeiro premio: 700 €.**
- **Segundo premio: 200 €.**

7. Propiedade das imaxes e entrega de premios

As obras premiadas pasarán a formar parte da Colección do Concello de Parada de Sil e poderán ser utilizadas para promocionar ou divulgar actividades do concello, tanto en folletos, web ou redes sociais.

Desde o **8 de xullo de 2026** farase unha exposición no salón de actos do concello en horario da Oficina de Turismo. A entrega de premios será en datas próximas as festas patronais na honra de San Ramón en Parada de Sil.

8. Outros

Máis Información e consultas:

www.paradadesil.es

Tel. **616516238**

e-mail: torgas@gmail.com

De conformidade coas normativas afectas de protección de datos persoais, todos os datos subministrados pasarán a formar parte dun ficheiro automatizado responsabilidade da Asociación Cultural Ouro do Sil, coa finalidade de xestionar correctamente o concurso e cumprir coas finalidades específicas nas presentes bases. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarase a cabo conforme á normativa vixente.